



# LAXE

Club de Montaña O Carroucho

5 de Maio de 2012

**E**mpezamos a nosa ruta no porto de Laxe, cruzamos ata a Praza de Ramón Xuega, onde se encontra a “Casa do Arco”. Pasando baixo o túnel que forman os tres arcos, obsérvanse os brasóns da casa. Así se accede á Rúa Real, a rúa máis antiga de Laxe. A xoia de Laxe é a igrexa parroquial de Santa María da Atalaia, do s. XV e estilo gótico mariñeiro. Foi levantada sobre un adro ou atalaia, con altos muros construídos directamente sobre o mar, custodiada por oito canóns para defenderse dos ataques piratas e as frotas inimigas.

A nosa ruta continúa pola Rúa Hospital ata o cruzamento coa Rúa do Campo, onde observaremos varios hórreos de pedra en moi bo estado de conservación. Seguimos pola Rúa do Campo entre as últimas casas, e xiramos novamente á esquerda entre muros de pedra, para baixar á Fonte de Arriba. Alcánzase finalmente o monte Cornaceiras, onde se encontra a Capela de Santa Rosa de Lima.

Continuamos ata chegar a un cruzamento onde aparece un depósito de auga. Deixámolo á nosa dereita e continuamos. A medio camiño podemos parar nun miradoiro natural onde observaremos unha vista de todo Laxe. Continuamos cara a arriba e volvemos baixar ata o pobo de Soesto. Metémonos polas casas buscando a Igrexa e o seu cruceiro.

Dirixímonos cara á pista que está ao fondo deixando á man dereita un muíño. Cando cheguemos ao alto aparece unha frecha debuxada nunha pedra. Dirixímonos

*Lebrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte*

## Datos Básicos

Comezo: Laxe

Remate: Laxe

Distancia lineal: 27 km.

Duración aproximada: 7 horas

Dificultade: Media

Altura máxima: 365 m

Altura mínima: 52 m


Acumul.: ↗890 m / ↘880 m

por ese camiño entre toxos. A pista ábrese ao final e baixaremos ata onde remata o camiño sollado da ruta que vén de Laxe.

Agora sempre pola costa ata Boaña. Dende aquí metémonos por un camiño de herba ata encontrar unha pista á man esquerda. Bordeamos un muro ata pasar a unha preciosa pista de herba con árbores a un lateral e outro. Pasaremos a outra máis ancha que tamén vén de Boaña e, de novo, volvemos baixar, esta vez ata a estrada.

Unha pista de suba lévanos cara ás antenas de televisión e un dos sitios privilexiados, polas súas vistas, de todo Laxe. É o miradoiro de Monte da Lagoa. E volvemos baixar para visitar outro pobo, Coéns. Tamén dende este lugar podemos ver os restos que deixou a actividade da mina de caolín de Laxe.

Subimos pola crista dos montes de Serantes e Lourido, baixamos ata o pobo de A Fontefría e buscamos o noso último reto do día, subir ao punto máis alto de Laxe, Castelo de Lourido. Unha vez arriba a vista será impresionante. Veremos dende a desembocadura do Anllóns, Monte Branco, Corme e, por suposto, todo Laxe. Descenderemos ata os pobos de Lourido de Arriba e Abaixo dirixíndonos ao paseo marítimo de Laxe observando a súa bonita enseada. Isto será o final da nosa ruta de hoxe.



**Próxima cita:**  
17 ao 20 Maio  
Ponga



**O Carroucho**  
www.carroucho.org